

NOME E APELIDOS
DNI

OEP 2012
CONDUTOR BOMBEIRO
1º EXERCICIO
14/06/2016

1. A forma política do Estado español é:
 - a) Unitaria e rexionalizada
 - b) Federal
 - c) A Monarquía Parlamentaria**
 - d) A propia dun Estado Social e Democrático

2. O Tribunal Constitucional pode ter competencias nas materias que lle atribúe:
 - a) Só a Constitución
 - b) Só a súa lei orgánica
 - c) As dúas anteriores e outras leis orgánicas**
 - d) Calquera norma con rango de lei

3. Os dereitos recoñecidos nos artigos 39 a 52 da Constitución:
 - a) Son susceptibles de recurso de amparo
 - b) Poden ser alegados na vía da protección xurisdiccional dos dereitos fundamentais
 - c) Só poden alegarse ante a xurisdicción ordinaria.**
 - d) Protéxense ante una xurisdicción especializada.

- 4.- Non está garantizado pola Constitución o principio de:
 - a) Xerarquía normativa
 - b) Retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables**
 - c) Seguridade xurídica.
 - d) Legalidade

- 5.- A organización territorial propia de Galicia regularase por:
 - a) Lei do Parlamento**
 - b) Decreto do Parlamento
 - c) Lei da Xunta
 - d) Decreto da Xunta

- 6.- Os municipios son:
 - a) Entidades básicas da organización provincial
 - b) Cauces inmediatos de participación cidadá nos asuntos públicos.**
 - c) Entidades locais sen personalidade xurídica.
 - d) Entidades básicas sen plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

- 7.- A alteración de términos municipais requirirá en todo caso:
 - a) Autorización da Administración do Estado.
 - b) Autorización da Comunidade Autónoma respectiva, a través da Asambela Lexislativa.
 - c) Audiencia da Deputación Provincial e dos Concellos interesados.**
 - d) Ditame favorable do Tribunal Constitucional.

8.- Non son faltas leves:

- a) O incumprimento inxustificado do horario de traballo, cando non supoña falta grave.
- b) A falta de asistencia inxustificada de un día.
- c) A falta de obediencia debida aos superiores e autoridades.**
- d) A incorrección co público, superiores, compañeiros ou subordinados.

9.- É posible que a auga ferva a unha temperatura inferior aos 100 °C?

- a) Non
- b) Sí
- c) Non, a temperatura de ebulición dunha sustancia é unha constante fixa que non depende doutras variables.
- d) Sí, depende da presión á que se encontre.**

10.- Os corpos en estado sólido caracterízanse por:

- a) A súa composición química é basicamente de carbono e osíxeno, xunto a outros elementos en menor cantidade como o osíxeno e hidróxeno
- b) Os seus átomos oscilan arredor de posicións fixas, cunha distribución arbitraria u ordeada.**
- c) Non recuperan a súa forma orixinal ao ser deformados.
- d) Ningunha é correcta.

11.- Que é unha combustión?:

- a) O lume que transcorre sen lapas.
- b) Unha serie de reaccións químicas de oxidación e marcado carácter endotérmico.
- c) Un proceso químico que absorbe a calor dos reactivos para cedelo seguidamente á atmósfera.
- d) Un proceso físico-químico de oxidación-redución e dun elevado potencial exotérmico.**

12.- Que relación hai entre a enerxía de activación e a temperatura de autoignición?:

- a) Canta máis enerxía de activación necesite un corpo, maior temperatura de autoignición terá.
- b) Corpos con igual temperatura de autoignición terán igual enerxía de activación.
- c) Canto maior sexa a temperatura dun corpo, maior será a enerxía de activación necesaria.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.**

13.- Que é a calor?:

- a) A enerxía sobrante de todo un corpo, con tendencia a disiparse no ambiente.
- b) A manifestación da temperatura dun corpo.
- c) Unha modalidade de transferencia de enerxía.**
- d) As tres anteriores son válidas.

14.- “Calor específico” defínese como:

- a) A cantidade de calor que desprende unha molécula gramo dunha sustancia cando se queima nunha atmósfera de osíxeno e a volume constante.
- b) A cantidade de calor necesaria para elevar un grao centígrado a temperatura da unidade de masa dunha sustancia.**
- c) Cantidade de calor que absorbe un líquido cando unha unidade de masa se

transforma en vapor a temperatura de ebulición e a 1 atmósfera de presión.

d) Cantidade de calor por unidade de superficie que se emite na combustión completa de tódolos materiais e produtos que se atopan no recinto.

15.- O volume da auga a 650°C aumenta:

a) 1700 veces.

b) 5300 veces.

c) 4200 veces.

d) Ningunha das anteriores é correcta.

16.- O mecanismo de extinción principal dos halóns é:

a) Inhibición.

b) Sufocación.

c) Enfriamento.

d) Dilución.

17.- Que son os escumóxenos polivalentes?:

a) Escumóxenos que teñen varios coeficientes de expansión.

b) Escumóxenos que teñen varios coeficientes de inducción.

c) Escumóxenos que poden usarse tanto para líquidos inflamables como para líquidos combustibles

d) Escumóxenos que poden usarse tanto para hidrocarburos como para líquidos hidropolares.

18.- Cal dos seguintes axentes extintores é o máis adecuado para un lume de metais?:

a) Escuma química.

b) Auga pulverizada.

c) CO₂.

d) Area común.

19.- Cantos paneis laranxa e cantas placas-etiquetas deberá levar un vehículo contenedor que transporte explosivos:

a) 2 paneis laranxa e 4 placas-etiquetas.

b) 4 paneis laranxa e 4 placas-etiquetas.

c) 6 paneis laranxa e ningunha placas-etiqueta.

d) Ningunha das anteriores.

20.- O número de identificación de perigo "559" no panel laranxa dun transporte de mercadorías perigosas indícanos que se trata de:

a) Gas comburente que presenta outros perigos diversos.

b) Unha materia moi comburente susceptible de producir unha reacción violenta espontánea.

c) Materia moi comburente que resulta perigosa para o medioambiente

d) Peróxido orgánico susceptible de descomposición violenta espontánea.

21.- Utilización en zonas rurais, polas súas dimensións, e polo seu bastidor de tipo todo terreo, que lle permite o acceso a calquer incendio aínda de tipo forestal:

a) Esta descrición corresponde á BUP.

b) Esta descrición corresponde á BRP

c) Esta descrición corresponde á BFP

d) Esta descripción corresponde á BUS

22.- Presión que resisitirá a columna seca nas autoescalas:

- a) Ata 15 bares de presión.
- b) Ata 10 bares de presión.**
- c) Ata 5 bares de presión.
- d) Ningunha das anteriores.

23.- O estado de shock caracterízase por:

- a) Respiración rápida e superficial.
- b) Pulso rápido e débil
- c) Hipotensión.
- d) Todas as respostas son correctas.**

24.- Ante unha obstrucción da vía aérea na que o paciente tuse enerxicamente.

- a) Iniciaranse inmediatamente as manobras de Heimlich con 5 palmadas.
- b) Deixarase tusir ao suxeito libremente, vixilando por se o seu estado empeora.**
- c) Iniciarase a manobra de Heimlich con 5 compresións torácicas seguidas de 5 palmadas.
- d) As opcións b) e c) son correctas.

25.- Que elemento de suspensión impide que o vehículo se incline nunha curva?

- a) A barra estabilizadora.**
- b) O amortecedor.
- c) O resorte elástico.
- d) O tirante lonxitudinal.

26.- A vantaxe do amortecedor de dobre efecto é que:

- a) O movemento do aceite a través dos orificios é máis rápido.
- b) Só traballan nun sentido.
- c) A suxeición á carrocería e brazos de suspensión realízase sen coxinetes elásticos.
- d) Variando o diámetro dunha e outra válvula conséguese distinto efecto.**

27.- O ángulo de saída correcto:

- a) Diminúe o esforzo ao xirar o volante.**
- b) Diminúe a reversibilidade.
- c) Aumenta a reacción das rodas.
- d) Axuda na orientación das rodas.

28.- Nunha dirección asistida de cremalleira sobre o mecanismo, o pistón de dobre efecto móntase en:

- a) A barra de acoplamento
- b) A columna de dirección.
- c) Os brazos de mando.
- d) A propia cremalleira.**

29.- No freo twinplex:

- a) As dúas zapatas son secundarias.**

- b) As dúas zapatas son primarias.
- c) Unha zapata resulta primaria e outra secundaria.
- d) As dúas son terciarias.

30.- Os sistemas relentizados eléctricos:

- a) Traballan como un freo auxiliar ou principal según o caso.
- b) traballan como un freo principal.
- c) Traballan como un freo auxiliar.**
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

31.- A que número de revolucións consiguen a súa potencia máxima os diésel lentos?:

- a) Entre 900 e 2000 rpm.**
- b) Entre 3000 e 4000 rpm.
- c) Entre 4000 e 5000 rpm.
- d) Entre 5000 e 7000 rpm.

32.- Que se entende por adiabático?:

- a) Presión constante.
- b) Temperatura constante.
- c) Sen intercambio de calor.**
- d) Volume constante.

33.- No ciclo práctico de funcionamento:

- a) A duración dos tempos varía, sendo as carreiras diferentes de 270°.
- b) A duración dos tempos non varía, sendo as carreiras diferentes de 180°
- c) A duración dos tempos varía, sendo as carreiras diferentes de 180°.**
- d) A duración dos tempos non varía, sendo as carreiras diferentes de 90°.

34.- Que parámetro é o que se determina en función da forza aplicada sobre o pistón e a lonxitude do cóbado do cigüeñal?:

- a) a potencia efectiva.
- b) A potencia do freo.
- c) O par motor.**
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

35.- Cando se produce o cruce de válvulas?:

- a) Cando se produce a explosión.
- b) Cando abre a válvula de escape.
- c) Cando se enche o cilindro de aire.
- d) Cando a válvula de admisión e escape están abertas á vez.**

36.- Nun motor de 6 cilindros: con que intervalo prodúcense os acendidos?:

- a) 120°**
- b) 180°
- c) 240°
- d) 360°

37.- A misión do intercooler é:

- a) Refrixerar os gases de entrada.**
- b) Refrixerar os gases de saída.

- c) Refrixerar o aceite do motor.
- d) Refrixerar a auga do motor.

38.- O alternador:

- a) É un xerador de corrente que transforma a enerxía mecánica que recibe na súa árbore en enerxía eléctrica que se recolle nos seus bornes.**
- b) É un xerador de corrente que transforma a enerxía eléctrica que recibe na súa árbore en enerxía mecánica que se recolle nos seus bornes.
- c) É un xerador de corrente continua que transforma a enerxía mecánica que recibe na súa árbore en enerxía eléctrica que se recolle nos seus bornes..
- d) Serve de acumulador de enerxía para arrincar o vehículo.

39.- A solución que leva o acumulador de forro-níquel e cadmio-níquel é:

- a) Ácida, a base de lixivia potásica.
- b) Potásica, a base de lixivia básica.
- c) Alcalina, a base de lixivia potásica.**
- d) Potásica, a base de lixivia ácida.

40.- As bombas de inxección dos motores de gasóleo poden ser:

- a) Bombas en líña e de émbolos.
- b) Bombas centrífugas e de émbolos.
- c) Bombas de émbolos e lonxitudinais.
- d) Bombas en líña e rotativas.**